

:: POR FAVOR, DEIXE A SÚA PEGADA DIXITAL AQUÍ ::

Artigo publicado na páxina web de Galaxia, xullo 2009

Estíbaliz...Espinosa

Un día, decateime de que internet estaba aí e palpitaba.

Para alguén afeito ao papel, ao galope aceirado dunha máquina de escribir ou ás psicossomáticas caligrafías, ese universo paralelo chamado Rede arrecendía a posibilidade. Tamén a exploración orbital. Co comezo do novo século, asistín primeiro como *voyeur* a toda esa enxeñería de redes que se tendían, que se penduraban procedentes de fondos abisais a disposición de, como se nos chama, *os usuarios*.

No 2005 crucei a miraxe. O espello.

Abrín un blog.

A atracción era insoslaible: queres escribir? O actual sistema de redes sociais permíteche escribir tanto como queiras. Queres ser lido? O actual sistema de redes sociais permíteche ser *máisoumenos* lido, mesmo que sexa por erro. Non penso que internet, nun *mundo real* no que o seu acceso aínda é signo de riqueza cultural e, polo tanto, restrinxido, veña a ser a panacea de nada. Con todo, algunhas ideas sentadas e asentadas na nosa cultura comezaban a cambiar de postura, a mutar perante nós, coa **propiedade intelectual** á cabeza seguida dun séquito de ideas detonadas choutando polos aires: a noción de **individuo**, a da **autoría final dun texto**, a da imaxe da **muller creando con tecnoloxía ao seu alcance** – querida Ada Lovelace, asístenos –, a **posteridade**, a tradición de **texto acabado** –internet desprograma en nós esa ansiedade clásica, *gestaltiana*, de completar o incompleto-. Acostumados xa a vivir en fases 0.1, 0.2, 1.1... o cosmos e tamén a literatura semellan burbullar nun constante estado, e parafraseo a Eduardo Estévez, *en construcción*. Isto último concorda coa idea da cosmoxía de universos simultáneos en expansión imparabile ata a súa morte, detrás da cal xorden outros. E outros. E.

[...]

A multitude de preguntas –moitas delas retóricas- que caen desta árbore en canto a axitamos un pouco, denota a sedución do froito: que é dos escritores hoxe en día? Cal é o estatuto do libro? O libro encerra nun obxecto algo que pode fluír como magma en internet durante eóns? Remata o inacabable? Garante posteridade? O libro en papel custodia o prestixio literario e internet o prestixio do novidoso e popular? Ou é ao revés? Canto durará o que escribamos? Canto duraremos? Serve a literatura entendida como frases unha detrás doutra, entendida como *sintaxe*, como soporte de ideas e expresións ou habemos recorrer ao manido audiovisual para obter carta de natureza? Como modifica a linguaxe da máquina a nosa linguaxe natural e, por ende, a literaria? Cal é a vixencia da literatura nunha sociedade hiperdixitalizada na que todo lector é tamén escritor?

Hai uns anos, unha editorial rexeitoume unha proposta: publicar textos seleccionados do meu blog, con imaxes e comentarios. *Non encaixa en colección ningunha*, foi a

resposta. Estou certa de que a día de hoxe calquera manifestación cultural que non posúa o seu reflexo –máis ou menos veraz ou distorsionado- en internet é a que semella non encaixar. As cousas mutan ante nós. Podemos ver como medra a herba. Podemos ver como renace trigo nun campo queimado, como cantaba Jacques Brel. A literatura ten unha segunda vida na rede.